

Concello de Mugardos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO PARA O DÍA 13 DE MAIO DE 2021.

Tendo en conta que o Decreto 45/2021, do 17 de marzo (DOG núm. 52-bis de 17.03.2021), polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, recomenda restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente ás unidades de convivencia.

Atendida a recomendación de realizar de xeito telemático, sempre que sexa posible, a realización de actos e reunións laborais, institucionais, etc, establecida no apartado 3.14 do anexo da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 52-bis de 17.03.2021).

Vista a relación de expedientes conclusos dispostos polo Secretario, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.


Atendido que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

E tendo en conta o establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Convocar, a fin de resolver asuntos que non poden esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, que sé levará a cabo de xeito telemático, o día 13 de maio de 2021 ás 9.00 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Para a conexión das/os Sras./Sres Concelleiras/os, remitirase á súa dirección de correo electrónico corporativo, con carácter previo á celebración da sesión, un enlace para o seu acceso á mesma; conexión que se verificará con ao menos 10 minutos de antelación á hora fixada para o inicio da sesión, aos efectos de realizar unha comprobación do funcionamento axeitado da mesma e de levar a cabo a toma de razón de asistentes pola Secretaría.

SEGUNDO. Que o Secretario leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación dos membros da Corporación.

TERCEIRO. Fixar o seguinte

ORDE DO DIA

1.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).